



Alternativa dos Veciños

SINGULARES, DISTINTOS

A CORUÑA

Iníciase a creación dunha liña de transporte marítimo regular



Os concellos da Coruña e Oleiros van contratar os estudos de viabilidade previos á posta en marcha dun servizo de transporte marítimo entre o porto da cidade e Santa Cristina e Mera. O obxectivo é reducir a dependencia do vehículo privado e mellorar a mobilidade comarcal.

Páxina 3

SADA

Expulsados de Alternativa os tráfugas Nogareda e Blanco

Aproveitándose do cargo ao que accederon en representación do partido, promoveron unha moción de censura con PP e PSOE contra o Goberno do que formaban parte. Actuaron de costas á dirección de Alternativa e dos seus compañeiros de Sada.

Páxina 22

CARRAL

O alcalde evita o boicot de PP e PSOE e conserva 118.025 euros para gastos e obras do Concello



Páxina 14

ARTEIXO

Condanan ao Concello a derrubar a gasoleira Petroprix

Páxina 6

BERGONDO

Solicítase reducir o prazo de construción da rotonda de Guísamo

Páxina 10

CAMBRE

Graves irregularidades nos pagos do Concello a empresas

Páxina 11

CULLEREDO

O Goberno central segue sen resolver as alegacións á pegada sonora do aeroporto

Páxina 17

OLEIROS

Próxima contratación da reurbanización da avenida de Santa Cristina

Páxina 19

Militantes da dignidade

Vivimos nun país marabilloso. Gozamos dunha calidade de vida e dun nivel de benestar elevado grazas ao traballo e esforzo dos nosos pais, nais e avós que tiveron que loitar contra todo tipo de adversidades durante épocas moi escuras.

Desde o inicio da etapa democrática avanzamos moito, pero tamén é certo que queda moito por andar. O sistema ten numerosas disfuncións pendentes de resolver e o feroz modelo económico apreta cada vez máis as vidas da clase traballadora, dos autónomos e dos pequenos e medianos empresarios. Vánsenos acabar os buratos do cinto de tanto apretalo.

Pero o neoliberalismo non só condiciona a situación económica de familias e empresas senón que tamén impón vertixionosos cambios sociais. Sufrimos un proceso de deshumanización que modifica relacións persoais, anula sentimentos, empobrece a diversidade cultural, destrúe a convivencia familiar, elimina tradicións, estraga a identidade dos pobos...

Por responsabilidade moral e política nós sempre asumimos con determinación a defensa da tolerancia e a loita polo progreso. Desalíña nunca nos movimos e temos moi claro que tampouco cambiaremos de chaqueta no futuro.

Pero para que un proxecto político como o noso, libre de ataduras e de dominacións por parte de grupos de poder interesados, poida ser unha realidade é imprescindible a implicación de moitas persoas. Homes e mulleres que ante todo sexan honestos e honrados. Pero por suposto tamén con criterio e conviccións, para que teñan claro o rumbo a seguir, e con altas doses de vocación polo servizo público e de amor polos seus pobos.

Precisamente foron moitas persoas con esas cualidades as que, desde cargos públicos e desde a militancia de base, traballamos arreo e desinteresadamente para lograr a profunda transformación de Oleiros. Malia indecentes ataques e atrancos, agarramos firme a bandeira da dignidade -e seguimos sen soltala- para dotar aos nosos pobos de todas aquelas melloras necesarias para ter unha vida mellor.

Esa é a nosa aspiración máxima. Por iso apostamos por crear unha forza política comarcal, para romper cos localismos estúpidos, para demandar as melloras supramunicipais que se nos negan e para gobernar os concellos pensando en todos os veciños, e non só nuns poucos.

Para acadar ese obxectivo conseguimos reunir a moitísimas persoas capaces, honestas e concienciadas cos seus municipios. Aí están os magníficos exemplos de Carral, Bergondo, Cambre, Culleredo ou A Coruña.

En Arteixo tamén mantemos un grupo marabilloso. Persoas que sen estar na corporación fan política con maiúsculas, malia sufrir a traición e abandono por parte do concelleiro ególatra que os representaba. En Sada o grupo continúa vivo e xa libre dos concelleiros que puxeron a careta para colarse detrás da margarita e satisfacer intereses persoais. Para lucrarse e servirse a eles mesmos enganaron ao conxunto da cidadanía e aos seu propios compañeiros de partido.

Esa baixeza política, que por desgraza tanto abunda neste país, non debería ser tolerada por ningún partido que se considerase democrático. Independentemente de ideoloxías, os que utilizan unhas siglas para cometer ilegalidades ou autoservirse a costa das arcas públicas causan un grande deterioro á democracia, facilitan o paso a populismos autoritarios e frean o progreso económico e social.

Para que hoxe teñamos dereitos e liberdades, millóns de españois tiveron que dar a súa vida. Por respecto á súa memoria, podemos equivocarnos na toma de decisións porque nin somos perfectos nin temos unha bola de cristal, pero baixo ningún concepto podemos traicionalos con comportamentos golpistas que degradan profundamente a política e a nosa democracia.

Alternativa dos Veciños é un grupo político con 44 anos de historia. Somos ante todo democráticos e progresistas. Temos capacidade de xestión pública. Esforzo e ilusión sóbranos. Así é como logramos facer realidade políticas honestas que benefician ao conxunto dos cidadáns e así é como aspiramos a continuar transformando aqueles municipios nos que así o queiran os seus veciños. Que o pobo decida!



A CORUÑA



A posibilidade de crear liñas marítimas entre as marxes da ría está máis preto que nunca. Trátase dun proxecto posible e absolutamente realizable que conta co total acordo dos concellos da Coruña e Oleiros para poñelo en marcha. O primeiro paso será contratar un estudo para analizar as fórmulas técnicas e económicas do servizo, que conectaría Santa Cristina e Mera cos peiraos liberados da Coruña.



Acordo total para crear unha liña de transporte marítimo regular que cruce a ría

■ A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, acordaron iniciar de inmediato os estudos de viabilidade previos á posta en marcha dunha liña de transporte marítimo entre a cidade e as localidades de Mera e Santa Cristina.. Aínda que o obxectivo principal é reducir o uso do automóbil particular, tamén se estudarán as posibilidades de explotación turística. En principio as estacións deste

transporte público estarían situadas en Santa Cristina e Mera, xa que se supón que Santa Cruz non dispón das condicións necesarias para un atraque acaído ás necesidades de seguridade marítima actuais.

O vello dique loxístico denominado Calvo Sotelo será incorporado próximamente á zona urbana, froito da perda de funcións económicas do porto coruñés e sobre o que parece disiparse a sombra da construción de

vivendas. Hai que lembrar que nesa zona liberada houbo proxectos de construír edificios altos que separarían do mar a liña litoral da cidade. Precisamente para seguir avanzando neste proxecto, o alcalde de Oleiros reuniuse tamén co Presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, Martín Fernández Prado. Ángel García Seoane solicitoulle a súa necesaria colaboración na futura posta en marcha deste servizo.



O bus 1-A a Santa Cristina durante todo o ano, pendente da aprobación da Xunta

■ Dentro da relación de cooperación creada entre os concellos da Coruña e Oleiros para mellorar a mobilidade comarcal, acordouse establecer un novo convenio que permita que a liña de autobús 1-A chegue ata Santa Cristina durante todo o ano. Ambos municipios están a iniciar os trámites administrativos necesarios para solicitar á Xunta a aprobación deste servizo público. A elevada demanda desta liña de transporte e a necesidade de apostar por medios de transporte alternativos ao vehículo privado fai imprescindible que o bus urbano 1-A chegue ata Santa Cristina durante todo o ano. A Compañía de Tranvías está pola labor de ofrecer este servizo polo que só faltaría o visto bo da Xunta de Galicia.

A Consellería está obrigada a aprobar este acordo. O interese xeral da cidadanía debe prevalecer sobre o de determinadas compañías privadas.



O porto, entre o glamour e a incerteza

A espléndida mostra de Steven Meisel volverá encher de beleza as antigas naves portuarias da Batería, nunha nova exposición que Marta Ortega organiza e tan beneficiosa resulta para o posicionamento turístico e cultural da marca Coruña.

■ ■ Unha potente acción que revitalizará unha zona portuaria liberada da actividade loxística como xa o fixera a noria veraniega ou a primeira gran exposición de moda, dedicada a Peter Lindbergh. Un uso con aparencia de provisorio pero que vai configurando unha sólida proposta de uso cultural de enorme proxección pública e acorde coa impronta textil da cidade.

A nova exposición contrasta coa incerteza que agarda aos muros portuarios e a súa zona agregada. A falta dunha visión conxunta de todo o ámbito, a sorprendente tardanza en definir un plan estratéxico global e de longo alcance liderado polo Concello da Coruña, que de momento non foi quen de ir máis aló dunha visión de escasa transcendencia e gran indefinición.

O concello debera liderar un proceso que defina o uso desa enorme superficie urbana, que estableza un cronograma para trasladar a actividade industrial e loxística ao novo porto de Punta Langosteira, que unifique a actividade pesqueira darredor da dársena de Oza, que defina os usos de toda a superficie e non só das áreas de disposición inmediata.

Tamén debe reflexionar sobre o eixo viario entre Os Castros e o centro, que conciba a

movilidade en termos metropolitanos e sobre cómo, por onde e con qué criterios debe medrar a cidade cara ao mar. A operación portuaria non debe reducirse a unha simple dedicación de usos das distintas superficies, senón que debe sentar as bases dun futuro resiliente, austero, sustentable e de alta calidade urbana para que o porto sexa realmente o apoio no que sustentar a cidade do porvir.

O liderado municipal debe ter igualmente relación coa transparencia dun proceso que será moi longo e importante para a reconfiguración da cidade e o rumbo que se lle dea a este trascendente asunto. Debe quedar clara a natureza pública de todo o conxunto de operacións financeiras e urbanísticas a realizar, así como un clima de diálogo permanente entre as institucións e de defensa dos intereses colectivos da cidadanía.

■ ■ **Necesítase unha aposta valente para configurar a Coruña do futuro, e iso non o está ofrecendo o actual panorama político.**



Ninguén pode imaxinar un Mundial 2030 sen A Coruña

Apoio absoluto a Riazor como unha das sedes para o mundial de 2030, como xa fora no 82. Supoñemos que en nengunha axenda das que poden estar utilizándose para ese fin falta a palabra Coruña. E tamén todo o apoio para ser sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, un reto difícil, pois a él presentáronse tamén outras cidades de fuste, como Granada, Alicante ou Xixón. Por moi ambicioso que sexa o reto, ahí estaremos, firmes e optimistas ante a decisión gubernamental.

A firmeza de Oleiros tumba o engano da pasarela da Xunta

■ A pasarela, unha columna de fume espoleada pola Xunta para disimular a súa falta de atención á comarca con foguetes de artificio, ía costar 8 millóns de euros. Deles van xa gastados uns cantos centos de miles na realización de proxectos que nunca verán a realidade e cos que alguén estará facendo caixa. A nova ponte crearía problemas de mobilidade que agora non existen, e duplicaría un servizo peonil que será prestado pola propia ponte da Pasaxe unha vez que se actualice. Tamén xeneraría graves danos ao areal e o seu sistema dunar, recuperado nas últimas décadas da voráxine construtora e das ameazas que sobre el resoplaban.



Alternativa propón crear un paseo marítimo entre A Pasaxe e Oza

■ A proposta de Alternativa para mellorar a fachada litoral das Xubias substituiría, en termos inversores, á ocorrencia de construír unha conexión peonil entre Santa Cristina e A Coruña, que resultaba un barbarismo en termos ambientais e de mobilidade.

Arranxar o borde marítimo das Xubias, recuperando a súa memoria urbanística e conectando de xeito ciclista e peonil co paseo de Culleredo e cos grandes centros atraccións de mobilidade como son o Materno, o Oncolóxico, os hospitais centrais, o tanatorio e o de Oza, sería un destino inmejorable para ese diñeiro que a Xunta dispuxo para a entelequia da pasarela. A conexión ciclopeonil entre Oleiros e o centro da cidade tamén sairía gañando.

Persoal de Bibliotecas da cidade, loitando por cobrar os seus salarios

■ Apoio total da Alternativa ao persoal das Bibliotecas da Coruña, un conxunto de persoas que están a sufrir nas súas vidas as consecuencias da externalización dos servizos públicos. O municipio límitase a sacar a contratación un determinado servizo sen os suficientes mecanismos para que as empresas manteñan unha prestación correcta en todos os ámbitos, especialmente no que ten que ver cos recursos humanos, principal obxecto deste tipo de contratos. As persoas que xestionan os libros públicos da cidade e os espazos de lectura, préstamo, etc. teñen constantes dificultades para cobrar as nóminas, o que se considera unha importante deficiencia dun sistema que debera garantir o cumprimento dos dereitos laborais das persoas que prestan un servizo público tan importante.

■ **Case non se pode crer que a estas alturas os concellos teñan dificultades para pagar ás persoas que traballan para eles, aínda que sexa a través dunha empresa.**



ARTEIXO



O Concello, condenado a derrubar a gasolinera Petroprix por cometer ilegalidades

O Concello de Arteixo foi condenado á demolición da gasolinera Petroprix recentemente construída na avenida de Fisterra por incumprimentos da normativa sobre proxectos para construción de estacións de servizo.



Gasolinera da Maceira, denunciada pola Asociación Provincial de Estacións de Servizo de A Coruña e Alternativa dos Veciños

■ A sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña establece que a demolición debe executarse no prazo de 2 meses. A denuncia foi presentada pola

Asociación Provincial de Estacións de Servizo de A Coruña. Esta mesma entidade, xunto con Alternativa dos Veciños, tamén levou aos xulgados a gasolinera situada no lugar da

Maceira, construída en solo rústico e baixo unhas liñas de alta tensión. Neste caso tamén existen irregularidades manifestas na tramitación do proxecto, pendentas de resolución xudicial.

■ O Goberno municipal de Arteixo aproveitou as obras de ampliación na rúa Torrente Ballester para usurpar parte dunha parcela que non se atopaba dentro do proxecto de expropiación urbanística, coa única intención de beneficiar a un promotor que no seu momento construíu de maneira irregular. Esta nova irregularidade cometeuse coa execución das obras de ampliación e regularización do sistema viario da citada rúa.

A empresa encargada de executar estas obras, por mandato do Concello, procedeu a ocupar, invadir e desenvolver obras nunha parcela de propiedade privada, coa intención de construír unha rampla de acceso aos garaxes dun edificio, os cales no seu momento foron construídos de maneira irregular por parte do promotor e, por este motivo, carecían de acceso aos mesmos.

O Goberno municipal segue traballando en beneficio de intereses privados

Nova irregularidade urbanística na rúa Torrente Ballester





Manifestación contra os proxectos eólicos



■ Alternativa dos Veciños organizou unha manifestación para demandar á Xunta de Galicia a paralización e anulación dos proxectos eólicos en tramitación e que afectan ao Concello de Arteixo. De levarse a cabo os proxectos en tramitación, o municipio quedaría gravemente afectado;



prexudicando gravemente o medio natural, deixando a numerosas vivendas expostas a radiacións, hipotecando centos de parcelas e asestando o golpe definitivo a núcleos de poboación máis rurais completamente esquecidos polo actual Goberno municipal.

■ Alternativa dos Veciños realizou durante os pasados meses numerosas iniciativas, informando á veciñanza afectada e mobilizando á cidadanía para tratar de paralizar os proxectos eólicos en Arteixo.



A veciñanza expresou a súa indignación porque a empresa non cumpre a normativa e os organismos competentes non lle obrigan a facelo.

Continúa a loita para esixir a regularización da granxa das Arcas

Veciños e veciñas de Lañas, convocados por Alternativa dos Veciños, volveron concentrarse para esixir unha solución aos problemas derivados das irregularidades da granxa porcina que se atopa no lugar das Arcas.

■ Alternativa reclama que as administracións e organismos competentes obriguen ao propietario a regularizar a explotación e cumprir as normativas.

■ Alternativa e a veciñanza afectada levan meses loitando para que o propietario da granxa regularice a explotación, xa que teñen os animais nunhas condicións pésimas e tamén incumpren as normativas ambientais e de seguridade.



Juan Francisco e Noelia Martínez, representantes de Alternativa en Arteixo, xunto cos seus compañeiros



Inundacións no “Central Park”

■ Poucos meses despois da súa inauguración, varias zonas axardinadas e algunhas instalacións do novo parque do centro de Arteixo atópanse nun estado lamentable. As presións do Goberno do PP por inaugurar obras antes das eleccións traen este tipo de consecuencias.

Non se pode xogar con case 1 millón de euros dos arteixáns realizando obras sen o pertinente seguimento e control por parte do Concello.



O Goberno municipal segue sen arranxar a estrada Sorrizo-Chamín

■ Alternativa dos Veciños volveu esixirlle ao Goberno municipal que cumpra o acordado coa veciñanza e que proceda a arranxar o tramo de estrada que enlaza o Porto de Sorrizo coa rúa das Lobas en Chamín. Ademais solicítase que acondicione o camiño forestal que enlaza a rúa das Lobas coa rúa Punta Alta, para así minimizar os problemas ocasionados pola peonalización do tramo de estrada que enlaza o porto de Sorrizo coa praia do Reiro. Os veciños e as veciñas levan máis dun ano agardando por estas obras.



Solicitado o arranxo e reapertura da pista multideporte de Arteixo

■ A pista deportiva que se atopa entre as rúas Río Sil e Río Ulla leva máis de dous meses pechada debido a unhas supostas deficiencias que o Goberno municipal non resolve. Os veciños pagan unha vez máis a nefasta xestión do Partido Popular que realizan obras sen prever os seus futuros mantementos o que ocasiona fortes deterioros de equipamentos públicos, que privan do seu uso aos veciños.

BERGONDO



Non haberá PXOM neste mandato, a alcaldesa non quixo

Alternativa dos Veciños xa advertiu no verán de 2020 que estíbese paralizando a tramitación do PXOM botando man da escusa da pandemia. Así foi, malia a insistencia de Juan Fariña na necesidade de retomar os traballos canto antes.

■ Desde marzo de 2020 ata marzo de 2022 a alcaldesa de Bergondo non quixo tocar algo tan fundamental coma o Plan xeral. De aí que agora, simplemente lograr a aprobación inicial antes das eleccións municipais de maio sería imposible debido á necesidade de contar con todos os informes favorables de multitude de administracións antes desas datas. Prevese a entrega do documento para a aprobación inicial en decembro.

Fose ou non intencionada esta inxustificable perda de tempo (difícil elixir entre o malo e o peor), o resultado é o que é: outro mandato máis sen PXOM. Responsable? Pregúnteselle á persoa que en 2023 cumprirá 15 anos ostentando a alcaldía.



Juan Fariña, voceiro de Alternativa en Bergondo

Renovando camiños

A concellería de Infraestruturas, que dirixe Juan Fariña, continúa renovando numerosos camiños. Os próximos asfaltados están previstos en Cortiñán, San Paio, Fiobre, Reboredo, Vilanova, Mesoiro, Costa de Ouces, A Lagoa, Cornide, Tatín, Cangas-Outeiro, Moruxo, Montecelo, San Cidre, Lubre, Aldea de Arriba-Peteiro, As Leiras, Miodelo, Rois, Pisón e A Brea.

Continúa pendente a ampliación da calzada en Villa Julia

■ Malia que a Deputación da Coruña aprobou a reserva de 300.000 euros para ampliar este punto da estrada en San Paio, o expediente segue paralizado por erros administrativos.

Para expropiar os terreos necesarios para a obra, que afectan ao peche de Villa Julia, non é preciso entrar na finca, como pretende a Deputación, á que xuridicamente se lle nega o dereito ao acceso. Pódese realizar igualmente a valoración desde fóra da propiedade.

■ É lamentable que esta obra acumule máis de 20 anos de retraso



Pablo Santiso, Juan Fariña e Pilar Barja

Solicítase reducir o prazo de construción das rotondas de Guísamo a ano e medio

■ Alternativa presentou unha moción no pleno municipal para solicitar a redución do esaxerado prazo de construción das rotondas de Guísamo, fixado en 34 meses. Incomprensiblemente, o PSOE de Bergondo coa alcaldesa á fronte votou en contra da proposta e fixo valer o seu voto de calidade para impedir a súa aprobación, que si foi apoiada polos concelleiros de PP e BNG.

Que sucede coa Seguridade Social de Betanzos?

■ As instalacións do Instituto da Seguridade Social de Betanzos atópanse pechadas a cal e canto por todas as súas entradas. Na porta principal especificase o horario de atención ao público e detállanse os teléfonos nos que se poden facer consultas ao INSS. Para acceder ás instalacións resulta imprescindible que a consulta ou trámite sexa sinxelo, xa que a meirande parte das tarefas de asesoramento, cálculo de pensións, etc. xa non son posibles nestas instalacións.

Alternativa demanda cambios para o Guísamo Folk

■ Alternativa dos Veciños convida á alcaldesa a reflexionar sobre se é conveniente manter o Guísamo Folk nunha senda similar á desta última edición; a do fracaso rotundo. Para repetir algo similar ao deste 2022 mellor sería non facer nada. De non cambiar, o festival acabará morrendo.



Apoio total á ANPA do Cruz do Sar ante os recortes de profesorado

■ Os recortes en profesorado no C.P.I. Cruz do Sar deixan nunha grave situación de desatención e exclusión a máis de 30 alumnos con necesidades educativas especiais. Como consecuencia, imposibilitarase a atención óptima dos 350 alumnos do colexio, que non poderán levar o ritmo axeitado nas aulas.

■ Alternativa participou e apoiou activamente as mobilizacións e demandas da comunidade educativa, ante a incapacidade manifesta e a negativa da Xunta de atender a petición, máis que xustificada, de reforzar o persoal educativo do Cruz do Sar de Bergondo.

Alternativa demanda melloras de seguridade viaria en Fiobre e no Pedrido

■ A petición de Alternativa dos Veciños, o pleno municipal acordou por unanimidade demandar á Xunta de Galicia diversas melloras de seguridade viaria na coñecida como estrada de Ferrol, en Fiobre e na ponte do Pedrido. No caso de Fiobre, onde xa se ten producido algún atropelo, Alternativa demanda a colocación dun paso de peóns regulado con semáforo activable só con pulsador, instalación de radar fixo no tramo, así como outras posibilidades. Na ponte do Pedrido solicitouse que se estude e revise a posibilidade de conducir as augas de choiva que caen da calzada da ponte.

Juan Fariña reúne coa alcaldesa de Betanzos para buscar unidade nas reclamacións do transporte

■ Ante a falla de iniciativa da alcaldesa de Bergondo, o voceiro de Alternativa en Bergondo, Juan Fariña, reuniuse coa alcaldesa de Betanzos, María Barral, para acordar una posición conxunta ante o grave problema co servizo de transporte en autobús. Alternativa reclama que Bergondo e Betanzos, así como todos os demais concellos afectados, realicen unha demanda conxunta á Xunta de Galicia para que solucione a situación. A Xunta non pode permitir máis retrasos, eliminación de frecuencias e redución prazas que deixan a moitas persoas tiradas nas paradas, sen posibilidade de desprazarse doutra maneira.



CAMBRE



A Xunta impón a creación de máis zonas verdes na recalificación de solo da Barcala

Numerosos veciños e veciñas do Temple están asistindo con grande indignación á aprobación definitiva da recalificación de terreos na Barcala que permitirá a construción de 195 novas vivendas.

■ ■ En vez de planificar o solo para crear os equipamentos públicos e os espazos verdes dos que carece a zona, o Goberno municipal opta por cercar O Temple polos 4 costados con novas edificacións amparadas en proxectos urbanísticos de dubidosa legalidade.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia, desde a Dirección Xeral de Urbanismo, emitiu un informe no que alerta de numerosos incumprimentos da normativa urbanística tales como excesos de edificabilidade, carencia de zonas verdes e equipamentos, incumprimento da normativa de

acesibilidade, zonas de beirarrúas con menos de 2 metros de ancho... Para poder aprobar a actuación, o Concello terá que cumprir con todos eses requerimentos.

Estas novas construcións tampouco contribuirán a mellorar o grande problema de tráfico da Costa da Tapia. Non existe planificación algunha por parte do Concello nese sentido e a construción da vía Ártabra, que reduciría notablemente a circulación da N-VI e por conseguinte a da Costa da Tapia, está paralizada por denuncia do Goberno de Cambre.

Graves irregularidades nos pagos do Concello á empresa de mantemento de xardíns

■ ■ Desde o 1 de xaneiro do 2000, o Concello de Cambre carece de contrato de servizo de mantemento de xardíns. De maneira mensual, a empresa Orto -agora denominada Legamo Infraestructuras- pasa facturas por distintos importes pola realización de supostos traballos nas zonas verdes sen que exista ningún tipo de control sobre a realización dos mesmos.

As facturas pagadas polo Concello de Cambre por estes

supostos servizos contan coa desaprobación da secretaría e da intervención municipais ante a imposibilidade de fiscalizar axeitadamente os traballos realizados. **Os técnicos do Concello alertan de que non dispoñen de posibilidade de controlar a eficacia do servizo ao non existir prego de condicións nin prescricións técnicas.** A Lei de contratos obriga a sacar a concurso públicos os servizos que superan os 15.000 euros anuais.



A lei de contratos obriga a sacar o servizo a concurso público



Raul Varela e Sandra Sánchez, concelleiros de Alternativa en Cambre, xunto cos seus compañeiros Manuel Castro e Óscar Roca nunha zona verde municipal abandonada. Estará pagando o Concello o seu mantemento?



O Goberno de Cambre pretende volver enganar aos veciños co Plan Xeral

A intención do Goberno de Cambre de ter un Plan Xeral supón un engano aos propietarios de fincas. No Concello deseñaron un documento cheo de aproveitamentos urbanísticos sabendo que a Xunta non lles vai permitir levalo adiante. Unha vez máis preténdese enganar á veciñanza, como xa fixeron hai 4 anos.

■ ■ De cara á galería realizarán unha aprobación inicial, necesaria antes de enviar á Xunta o documento para que o autorice. Despois é a administración autonómica á que debe revisar o cumprimento das distintas normativas e remitir ao Concello todas as correccións necesarias de obrigatoria incorporación para poder realizar a aprobación definitiva.

A Xunta xa advertiu con anterioridade ao Goberno de Cambre que era preciso reducir o solo urbano. Esa observación, entre outras, non foi corrixida para responsabilizar das restricións urbanísticas ao Goberno autonómico. Ningún documento como o que pretende presentar Cambre é aprobado pola Xunta, que será enviado de volta para ser rectificado, prolongando así máis o proceso e atrasando o máximo posible a aprobación do Plan.

Este é o obxectivo real do Goberno municipal para seguir utilizando normas subsidiarias e poder beneficiar intereses

privados, como no caso das operacións especulativas das Casas Bailly ou do Seixal que non dispoñen de amparo legal.

Hai 4 anos, responsables do Concello percorreron as parroquias anunciando cualificacións urbanas de alto aproveitamento e a aprobación inmediata do Plan. Brinde ao sol que non tiña ningunha base técnico-xurídica e que contiña un exceso de solo urbano e a carencia de servizos urbanísticos.

Entre outras cousas o Plan tamén ignora as directrices da Xunta sobre a vía Ártabra, unha estrada de interese autonómico. O gran cinto de circunvalación da comarca da Coruña, que beneficiará a mobilidade de todos os municipios e que foi paralizada a iniciativa do Concello de Cambre, por interese persoal do concelleiro de urbanismo, amparándose nos erros administrativos cometidos pola Consellería de Infraestruturas.



Falacia de orzamentos participativos

Baixo o nome de “Decidámolo Xuntos” o Goberno municipal ábrese a unha suposta participación cidadá na elaboración dos orzamentos municipais que realmente non existe. As obras incorporadas son proxectos que veñen de anos e actuacións que teñen que estar contempladas nos orzamentos si ou si. Despois nada se sabe das iniciativas executadas nin dos fondos empregados. O que si é certo é que o pasado ano, debido á negligente xestión do Goberno, quedou sen executar preto do 50% do orzamento.



Alternativa esixe a ampliación da estrada en Amil

Son moitos os veciños e veciñas que están a demandar a ampliación da calzada en Amil, aproveitando as obras de creación de beirarrúas. A estrada ten unha calzada moi estreita e supón un importante risco para a seguridade dos condutores. Alternativa demandou no pleno municipal que o Concello realice esta petición á Xunta de Galicia, administración titular da vía.

Seguen sen realizarse as obras de urbanización da Casa da Cultura

■ ■ Despois de case 3 anos logo da inauguración da biblioteca no edificio da Casa da Cultura, segue sen finalizarse a planta baixa e as obras de urbanización que tiñan que facerse con cargo ás promotoras da unidade de actuación. O Concello está a incumprir o acordo que tiña coa Deputación que financiaba a obra da biblioteca co compromiso de que se abordase a urbanización do entorno e a adecuación da planta baixa.

Terá pensado algún día o alcalde esixir ao promotor que urbanice ou cargaralle a obra ás arcas municipais infrinxindo a normativa urbanística?





**Alternativa
dos Veciños**

CARRAL



PSOE e do PP pretendían boicotear 118.025 euros de gasto municipal

Os 118.025 euros do POS+Adicional 2 que a Deputación entregaba ao Concello de Carral estiveron a piques de perderse pola irresponsabilidade política do voceiro do PSOE, que co apoio do PP, pretendían eliminar a proposta do Goberno municipal e impedir o utilización deses cartos.

■ ■ PSOE e PP tamén pretendían eliminar as obras de mellora do camiño Santiago de Sumio-Val de Barcia e a creación de beirarrúas na rúa Alcalde Juan Seijas, que acadaban en total os 222.557,67 euros. Ao existir un acordo plenario previo non puideron botalas abaixo.



Ademáis, manobraron para boicotear a segunda fase POS+Adicional 2. Finalmente repartíronse eses fondos entre 48.298 para melloras de alumeadado en Sergude e 69.727 euros para facturas e gastos do Concello.

O Goberno municipal logrou que o Concello de Carral non perdese eses cartos



Melloras no colexio Vicente Otero Valcárcel

■ ■ Con anterioridade ao inicio de curso, abordáronse varias obras nas dependencias do colexio: estreouse unha nova distribución do espazo de xogo da pista polideportiva exterior, xa que antes contaba só con pista de fútbol sala; e agora dispón de tres áreas para a práctica doutros deportes como fútbol sala/balonmán, minibasket e unha área de xogo libre. Ademais instalouse unha randeeira adaptada no parque infantil, a petición do alumnado.



Creado o aparcamento xunto ao Campo da Feira

Atendendo ás numerosas peticións veciñais, o Goberno municipal abordou a obra de creación dun aparcamento no espazo anexo ao Campo da Feira. Tamén se habilitou unha zona verde con arboredo. Non foi posible abordar a totalidade do ámbito porque Concello non dispoñía da cesión anticipada do terreo e, polo tanto, non era posible acometer asfaltados en fincas privadas.



Novo éxito da Festa da Empanada

A XLVII Festa da Empanada superou todas as expectativas cunha afluencia masiva de veciños/as e visitantes, chegándose a vender máis de 12.000 racións. O Goberno municipal agradece o grande esforzo realizado polos panadeiros e panadeiras para consolidar este evento gastronómico como un referente na comarca da Coruña e o encomiable traballo por parte das persoas que forman a Comisión de Festas de Carral.



■ O persoal municipal de obras está a actuar nas fontes de diferentes parroquias do municipio. Procedese á limpeza destes espazos para garantir a súa conservación, tan importante nos tempos que estamos vivindo.

O Concello, mediante un programa da Deputación, subvenciona ás comisións de festas

■ O deputado de Aternativa dos Veciños, Ángel García Seoane, propuxo na Deputación da Coruña que se lle prestase apoio ao sector da festa e da verbena galega debido á adversa situación vivida polo covid. Así foi como se creou un fondo provincial destinado a apoiar a organización de festas patronais e romerías, que forman parte da cultura e da historia de Galicia. O Concello de Carral distribuíu os cartos recibidos entre as distintas comisións de festas.



Creada a Escola Municipal de Música de Carral

■ O Goberno municipal puxo en marcha o primeiro curso da Escola Municipal de Música que contará con clases de once instrumentos, incluíndo tamén linguaxe musical, combos e Música en Movemento. Esta última impartirase como extraescolar no colexio Vicente Otero Valcárcel e axudará para que os máis pequenos poidan prepararse e incorporarse á escola no seguinte curso. Os instrumentos que se ofrecen son guitarra española e eléctrica, batería, baixo, contrabaixo, violonchelo, violín, frauta, clarinete, trompeta e saxo.

Servizo de novas do Concello de Carral por WhatsApp

■ Carral estrea nova canle de difusión de información do Concello de Carral vía WhatsApp para dispoñer de toda a información de Carral ao momento no móbil. Trátase dunha canle informativa unidireccional, que non servirá para resolver cuestións nin peticións dos usuarios, unicamente para recibir información municipal.

■ Para darse de alta hai que enviar unha mensaxe de WhatsApp ao 698 192 847 coas palabras "ALTA NOVAS CARRAL" ou escaneando un código QR. Para darse de baixa bastará con enviar a mensaxe "BAIXA NOVAS CARRAL" no momento que se desexe.

Carraleses sen emprego fórmanse en montes e xardinaria

■ Está en marcha o obradoiro dual de emprego "Reserva de Biosfera: Emprego Verde II" que se desenvolve en varios concellos da comarca. O obradoiro dará a oportunidade de formar a persoas sen emprego nas especialidades de tarefas auxiliares en conservación e mellora de montes e actividades en viveiros, xardíns e centros de xardinaria; percibindo unha remuneración mensual de 1.000 euros durante toda a formación.



O Goberno municipal dá 27.150 euros a asociacións e clubs deportivos

Para brindar un maior apoio aos clubs e asociacións culturais, deportivas e medioambientais do municipio, o Goberno municipal propuxo ao pleno repartir 27.150 euros entre as distintas entidades. En total son 13 as entidades beneficiarias desta axuda anual do Concello.



Ampliación de horario no Local Interxeracional

Ante a elevada asistencia ao Local Interxeracional, onde cativos e maiores comparten experiencias e vivencias, vaise ampliar o horario do local pasando a ser de luns a venres de 16:30 a 20.30 horas e os sábados de 17:00 a 20:00 horas. Ademais este outono comezou tamén a Disco - Mix para rapaces e rapazas de 2005 ata 2009, na que os organizadores deciden a temática e o Concello aporta materiais para as sesións.

Atención temperá para nenas e nenos con necesidades especiais

■ Preto de 30 nenos e nenas de 0-6 anos con necesidades especiais están a recibir atención especializada ante trastornos de desenvolvemento e para evitar riscos. A finalidade é traballar no desenvolvemento da autonomía persoal e a inclusión social das crianzas.

Ampla programación cultural con teatro e monólogos


■ O Concello de Carral ofrece este outono 11 funcións teatrais de diferentes xéneros, sendo dúas delas dos grupos afeccionados do noso concello, Charamusca Teatro e Grupo de Teatro o Rueiro. Tamén houbo un ciclo de monólogos.

Programa de empoderamento feminino

■ Están a desenvolverse diversas sesións formativas (na súa V edición) da Escola de Apoderamento Feminista para Mulleres do Rural no Edificio Toñito Espiñeira. Nestas sesións trabállase a autoestima, a participación, o liderado, a prevención das violencias machistas, o autoconecemento, o autocoidado, a expresión emocional... e pónense en común coñecementos e experiencias das mulleres sobre os traballos que desenvolveron durante a súa vida, así como do territorio.



CULLEREDO



Plano da pegada sonora do aeroporto de Alvedro

O Goberno central segue sen resolver as alegacións presentadas no 2020 á pegada sonora de Alvedro

O pasado 17 de outubro saía publicado no BOE a aprobación dun documento do Plan Director do Aeroporto de Alvedro. Analizado por técnicos na materia, non se contestaba nin se recollían as alegacións presentadas no 2020 ao trámite de información pública.

■ O documento non establece as servidumes acústicas, o mapa de ruído e o plan de acción. Só describe a organización de funcionamento do aeroporto e as previsións de crecemento futuro, non posibilitando a presentación de alegacións.

A aprobación de servidume e os efectos urbanísticos, que é o realmente grave para os veciños, só pode aprobarse polo Consello de Ministros. Polo momento aínda non se fixo pero si se prevé que sexa proximamente. Sería entón, contra ese novo acordó, o que si se podería recurrir.

Alternativa dos Veciños estará vixiante para presentar as alegacións oportunas e para defender aos veciños na comarca, tanto de Culleredo, como de Cambre e de Oleiros, así como a calquera persoa que queira presentar alegacións a este Plan de Alvedro.

■ Alternativa dos Veciños non está en contra do aeroporto de Alvedro, pero as limitacións que ten non poden resolverse eliminando o crecemento dos concellos da comarca da Coruña.



O alcalde non deixa de vender fume

Anuncia unha cidade deportiva para toda a comarca cando non é capaz de atender as necesidades básicas do Concello

O alcalde de Culleredo non dá resolto os problemas do día a día do Concello. Continúa sen aprobar o Plan Xeral, non é capaz de construír unha piscina municipal, a estrutura Cross segue á espera dun proxecto que lle dea utilidade, a concesión de licenzas municipais eternízanse, a limpeza viaria é deficiente en moitas zonas... En cambio, anuncia a creación dunha cidade deportiva no Monte Costa e A Garrocha.

O primeiro paso para crear esa cidade deportiva é conseguir o solo. Resulta imprescindible tramitar na Deputación a cesión do Monte Costa e A Garrocha para o Concello, uns trámites que non se resolverían nun prazo inferior a 3 anos. O Concello de Culleredo ten cedido parcialmente o uso, pero nunca chegou a realizar instalación algunha nos mesmos. Realmente fixo todo o contrario, usar como entulleira para empresas privadas e mesmo por parte do propio Concello. Os terreos tampouco están

calificados na súa totalidade como deportivos, para o que tería que aprobarse un Plan Xeral e clasificar o solo para o uso que se pretende por parte do Concello. Ademais, a pegada sonora que intenta impoñer a Dirección Xeral de Aviación Civil afecta aos terreos e limitaría as posibles construcións.

■ ■ O alcalde de Culleredo é un gran afeccionado a tirar foguetes anunciando festas que nunca chegan a celebrarse.

Plan Xeral de Culleredo, ata cando no caixón?

■ ■ Resulta indignante e ata sospeitoso que un municipio tan importante e con tanta presión urbanística como Culleredo non dispoña a día de hoxe dun Plan Xeral de ordenación urbana. O PXOM é o documento máis importante para un concello que forma parte dunha área metropolitana tan dinámica e rexistra un constante crecemento. Nalgún momento o alcalde terá que dar explicacións sobre

o seu bloqueio, xa que estaba inicialmente aprobado en 2013 e en 2018, ano desde o que dorme un profundo sono nun caixón municipal.

A situación resulta inexplicable, de non ser que haxa algunha razón inconfesable pola que a alguén lle interese que o Plan siga no seu profundo letargo. Aínda que existe unha Comisión para o estudo do Plan Xeral, o alcalde nunca a convocou, e os

partidos presentes na Corporación agardan explicacións convincentes. Habitualmente utiliza a escusa de que falta persoal, cando este podía estar de sobra contratado hai anos, polo que non resulta crible.

O caso do Plan Xeral de Culleredo é completamente irregular, e quen máis quen menos pode imaxinar que exista interese de alguén en que o documento se demore tanto.



Alternativa pide ao Concello que se poña do lado das familias e non dos estafadores inmobiliarios

O Concello de Culleredo non debe colaborar coa tramitación urbanística duns promotores que deben diñeiro ás veciñas e veciños de Vilaboa desde hai 23 anos.

■ ■ As persoas que eran propietarias das fincas cedéronas na confianza de recuperar o seu valor en pisos unha vez se construísen, pero a promoción non se deu feito e as familias séntense estafadas ata que lles compensen os seus dereitos, tal e como foi recoñecido parcialmente polos tribunais.

Alternativa dos Veciños, como outros grupos da oposición municipal, solicitou que o

Goberno municipal free a tramitación desa urbanización ata que os veciños e veciñas consigan o valor das súas propiedades, usurpadas con malas artes en 1999. De non ser así, enténdese que o Concello está a ser un socio necesario para que os especuladores continúen coa súa folla de ruta apoiados nas propiedades que as familias lles confiaron.



O parque infantil das Brañas leva máis de 2 anos pechado

■ ■ O Concello de Culleredo segue sen retirar os restos da cuberta derrubada por un temporal en outubro do 2020, mantendo pechada a zona de xogos infantís das Brañas, en Fonteculler. O alcalde pretende xustificar o inxustificable e descarga a responsabilidade en cuestións técnicas e na falta de persoal na Casa do Concello para atender os distintos asuntos da vida municipal. Iso si, coas eleccións municipais á volta da esquina, anuncia obras a esgallo con maquetas “ambiciosas”, que non se sabe cando serán realizadas.



OLEIROS



Nova avenida de Santa Cristina

A obra realizarase durante o próximo ano

■ ■ O equipo técnico contratado pola Deputación da Coruña entregou o proxecto para proceder á contratación da obra de reurbanización completa da avenida de Santa Cristina. As obras previstas inclúen a renovación total do pavimento das beirarrúas, a eliminación da actual mediana, a instalación dun novo alumado público e a dotación de mobiliario urbano.

A Deputación da Coruña, como titular da avenida, ten previsto sacar as obras a contratación de inmediato, realizándose ao longo do ano 2023.

Actuacións do Concello

■ ■ Ao mesmo tempo, o Concello vai reurbanizar as rúas Humboldt e Linneo. Ampliaranse os espazos peonís e eliminaranse as barreiras arquitectónicas para facilitar a accesibilidade.

Con anterioridade abordáronse as obras da rúa Xuncal e rúa Darwin, cunha renovación completa da praza e unha importante actuación de mellora da pista polideportiva.



Polideportiva Cova dos Bois



Praza Charles Darwin

Oleiros, primeiro concello da comarca en aprobar o orzamento para 2023

■ ■ O pleno municipal aprobou o orzamento municipal para o próximo ano, que estará en vigor desde o 1 de xaneiro. Deso maneira, poderase comezar a executar as distintas obras e servizos coa premura necesaria para seguir reforzando a calidade dos servizos públicos.

■ ■ O orzamento acada 41,5 millóns, o que supón un 5% de incremento respecto ao 2022. Deste montante, 14,5 millóns corresponden a investimentos en obras públicas, entre as que destacan a senda fluvial do Rego de San Pedro e o edificio multiusos de Bastiagueiro, que se financian en varias anualidades. Tamén hai partidas variadas para intervencións en beirarrúas, rúas, camiños, redes de abastecemento, saneamento e pluviais, parques, campos de fútbol, cubertas de edificios, eficiencia enerxética e outras necesidades que se van detectando na gran infraestrutura pública ao longo do territorio.



En marcha a obra do paseo fluvial do Rego de San Pedro



■ O Concello de Oleiros ten en marcha a obra de creación dun paseo fluvial de 4 km polas beiras do rego de San Pedro, desde Iñás ata O Seixal. Ademais dunha senda para peóns e ciclistas paralela ao río, crearanse 3 amplas áreas de acceso dotadas de diferentes servizos e estacionamentos.

Esta importante actuación de protección do medio ambiente e de mellora da mobilidade e da seguridade viaria ten un custo de 2,9 millóns de euros e será costeada integramente polo Concello. Dado que cumpre de cheo cos criterios establecidos para o reparto dos fondos europeos Next Generation, o Concello ten solicitado fondos tanto ao Goberno central como á Xunta de Galicia que polo momento non contestaron á petición.



Máis seguridade viaria en Arillo

■ Estanse a rematar as obras de mellora da seguridade viaria en Arillo, entre o pazo, a estrada que se dirixe a Meirás e a rúa que dá acceso ao cemiterio de Maianca. O Concello realizou estas obras en convenio coa Xunta de Galicia. Con esta actuación culmínase o paseo creado polo Concello de Oleiros, desde Santa Cruz ata Mera, que foi financiado en parte con fondos da Deputación da Coruña.

Oleiros, un concello social e humano

Toda a acción política de Alternativa dos Veciños está entregada ao benestar das persoas. Así é que desde o departamento municipal de Servizos Sociais e Igualdade se realiza un extenso traballo de atención e axuda ás familias de Oleiros que se atopan en situación de emerxencia social, que neste momento son 280.

O investimento anual en Servizos Sociais é de 3,1 millóns

■ Nestes días estanse a repartir 36.000 kg de alimentos non perecedeiros entres estas persoas. Ademais, o Concello presta axuda mediante a entrega de bonos para acceder a produtos frescos en supermercados; custeando integramente o comedor escolar dos nenos e nenas destas familias; entregando axudas para o pagamento do aluguer ou a factura da luz, a compra de electrodomésticos e artigos imprescindibles no fogar, gafas ou dentista; asumindo os gastos de medicamentos; bonificando o 95% do

custo das actividades organizadas polo Concello,... Ademais realízase tamén un importante investimento no Servizo de Axuda no Fogar, para a atención de persoas maiores e dependentes nos seus domicilios.

Ademais, son moitas outras as actividades que se realizan para o envellecemento activo das persoas maiores, para loitar por unha sociedade máis igualitaria, para axudar na educación dos fillos e contribuír a unha mellor comunicación familiar,...



SADA



Expulsados de Alternativa por tráfugas os concelleiros María Nogareda e Breogán Blanco

O odio visceral á persoa do alcalde e a ambición por ocupar por uns meses a alcaldía de Sada para beneficio persoal levaron á ex concelleira de Alternativa dos Veciños, María Nogareda, a promover un asalto ao poder totalmente antidemocrático contra o Goberno do que formaba parte. Aproveitándose do cargo ao que accederon en representación de Alternativa, Nogareda e Blanco participaron nunha operación denigrante para a honestidade política.

Promoveron a moción de censura con PP e PSOE ás costas da dirección do partido e dos seus compañeiros e compañeiras de Sada



■ ■ A dirección de Alternativa dos Veciños comunicou oficialmente ao Concello de Sada a expulsión dos dous concelleiros o pasado día 7 de novembro. Xa uns días antes, sen tampouco contar con ninguén, anunciaron na prensa a ruptura do pacto de Goberno. Iso si, o Goberno non o abandonaron para non perder o salario que lles correspondía pola súa dedicación ao Concello. Coherencia? Dignidade?

Desde o inicio da lexislatura, a ex concelleira negábase a seguir as políticas do partido. Opúxose á demolición do Náutico, non quixo defender no pleno unha moción para reclamar a vía Ártabra para Sada, non se implicou na conservación do edificio da Sociedade... Actuaba por libre, non só desatendendo á dirección e os postulados do partido, senón que tamén ignoraba constantemente aos seus propios compañeiros e compañeiras de partido en Sada.

INTERESES OCULTOS

■ ■ Detrás de toda esta operación hai un claro intento por desgastar a marca de Alternativa dos Veciños, totalmente allea á actuación dos seus ex concelleiros. Aínda que as direccións do Partido Popular e PSOE desautorizaron a moción de censura, actuaron con “tibiaza” e moita lentitude á hora de expulsar dos seus partidos aos seus respectivos concelleiros. A ese mesmo barco da miseria política subiuse o BNG, que tamén pretende confundir e

manipular á cidadanía responsabilizando a Alternativa dunha actuación coa que nada ten que ver nin a dirección do partido nin os militantes que ten o grupo en Sada. Habería que lembrarlle ao BNG por que tardou máis de 5 meses en substituír a unha das súas 2 concelleiras. Sería o señor Abel Soto o seleccionador?

GOBERNO APÁTICO

■ ■ Á marxe da manobra trumpista, o de Benito Portela é un Goberno apático que en compañía do BNG está máis centrado en organizar festas e eventos que en resolver os importantes problemas que ten Sada. Durante case dúas lexislaturas, o alcalde amosou escasa capacidade de xestión tanto das competencias municipais que lle son propias como ante outros organismos, que levan anos ignorando ao Concello.

■ ■ **Persoas como María Nogareda e Breogán Blanco que utilizan un cargo público para beneficio persoal non deberían ter cabida na política. A cidadanía de Sada entregoulle a Alternativa dos Veciños dúas actas de concelleiro, non a ninguén a título individual. Por hixiene democrática e respecto ao pobo sadense deberían dimitir de inmediato e entregar a súa acta.**



Alternativa demanda que o Estado destine fondos europeos para restaurar A Terraza

Alternativa dos Veciños solicitou ao presidente da Deputación da Coruña que realice xestións ante o Ministerio de Cultura para que de xeito urgente asigne fondos europeos para a restauración da Terraza de Sada, o emblemático edificio modernista que define a fachada marítima da localidade.



Actualmente non existe ningún impedimento legal para que desde instancias públicas se leve a cabo a restauración. Patrimonio do Estado confirmou que a concesión que existía a un particular está caducada, polo que parcela e edificio pasan a propiedade do Estado. Aínda que o antigo propietario recorra ao Contencioso

Administrativo, non se frea a ocupación nin a restauración. O senlleiro edificio, trasladado nos anos vinte do século pasado desde o recheo coruñés ao pé do mar de Sada, está catalogado como BIC, polo que pode financiarse con diñeiro do Estado procedente de fondos europeos, destinado á recuperación do

patrimonio construído. A acción debe ser considerada como urgente, xa que o inmovible, completamente de madeira, presenta un evidente deterioro.

Máis aló do seu valor patrimonial e monumental, A Terraza é un referente para o pobo de Sada e un reclamo turístico.

A Consellería de Educación desatende os ciclos de ensino medio

Resulta inconcibible que nun municipio de 16.000 habitantes non haxa ningún ciclo medio formativo de FP. Tampouco se comprende que só haxa unha oferta limitada de bacharelato cando Sada dispón dun centro escolar infrautilizado coma é o de Mosteirón.

Alternativa dos Veciños demandará á Consellería de Educación que dea o primeiro paso para que o próximo curso se imparta algún FP básico para comezar a ampliar o abano educativo e formativo que os mozos e mozas de Sada merecen.



O Centro de Saúde de Sada arrastra desde hai anos un grande déficit de persoal sanitario para a poboación que atende, que no caso do PAC inclúe tamén a Bergondo. A ratio de persoal sanitario é moi inferior a doutros concellos. É inaceptable que, por exemplo, só haxa un fisioterapeuta ou dous médicos e un enfermeiro para as urxencias.



Un pequeno salón cunhas poucas cadeiras e un fútbolín é actualmente o que o Concello ofrece á xente moza para reunirse e desenvolver actividades. Uns horarios de uso raquícticos e ausencia total de guía ou monitorado especializado. A planta baixa da OMIX para a mocidade é moi deficitario para as actividades que antes se realizaban neste espazo.


Alternativa reclama máis apoio para as asociacións veciñais

O modelo de participación social de Alternativa dos Veciños aspira a que sexan as distintas entidades sociais do municipio as que, coa colaboración do Concello, organicen os principais eventos sociais, culturais e deportivo do municipio. Para iso é preciso un maior apoio e colaboración coas distintas asociacións e fomentar un verdadeiro movemento social para que as festas non só se reduzan ao centro urbano.



Alternativa
dos Veciños

PSOE e PP, a mesma ponte é ▼



Os distintos gobernos centrais de PSOE e PP levan 26 anos enganando á cidadanía coa ampliación da ponte da Pasaxe. Anuncios que nunca se converten en realidade, cifras irrisorias nos orzamentos do Estado, proxectos que non se aproban definitivamente... E a obra, que debería iniciarse despois do verán – unha vez finalice o túnel de Sol y Mar-, segue sen previsión de comezo.

■ ■ O mesmo acontece con Alfonso Molina. Neste momento non hai proxecto aprobado nin os cartos necesarios consignados para iniciar a obra no próximo ano. Segundo o recollido nos orzamentos do Estado, o plan do Goberno é comezar esta actuación no 2026.

Ante esta grave situación que afecta ao conxunto da cidadanía de toda a comarca da Coruña, que sofre continuos e prolongados atascos ante

o máis mínimo accidente ou percance no tráfico, Alternativa dos Veciños continuará reclamando por todos os medios que o Ministerio de Transportes amplíe a ponte da Pasaxe e Alfonso Molina.

Para denunciar esta lamentable situación ante os responsables do Ministerio, calquera cidadán poden dirixirse ao teléfono 981-989-000 ou ao correo electrónico mitma@mitma.es.

Grupo Provincial Alternativa dos Veciños

www.alternativadosvecinos.org | info@alternativadosvecinos.org